

### **3º E.S.O. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA MATERIA DE INGLÉS.**

Levarase a cabo un sistema de **avaliación continua**, é dicir, a **cualificación final ordinaria** basearase no resultado obtido polo alumno nas tres **avaliacións asignando a cada unha delas unha porcentaxe diferente** que será a seguinte:

**-Primeira avaliación: 15%**

**-Segunda avaliación: 25%**

**-Terceira avaliación: 60%**

A porcentaxe se incrementa da primeira á terceira avaliación xa que, tendo en conta que tratase dunha materia de contido progresivo, os diferentes contidos acumularanse dunha proba á seguinte e dun trimestre ao outro, sendo o terceiro aquel no que se avaliarán un maior número de contidos.

Para o **cálculo das notas** terase en conta as seguintes **porcentaxes**:

<b>Comprensión e expresión oral ( <i>Listening &amp; Speaking</i> )</b>	<b>20%</b>
<b>Comprensión e expresión escrita ( <i>Reading &amp; Writing</i> )</b>	<b>20%</b>
<b>Coñecementos lingüísticos ( <i>Grammar &amp; Vocabulary</i> )</b>	<b>40%</b>
<b>Traballo diario</b>	<b>20%</b>

## LIBRO DE LECTURA:

**Os alumnos poden obter ata 0.5 puntos extra en cada avaliación facendo un traballo logo de ler, de xeito voluntario, un LIBRO DE LECTURA.**

De este modo, poténciase a lectura extensiva por parte do alumnado. O alumno selecciona un libro, preferentemente da biblioteca do centro, acorde ó seu nivel e realiza un traballo escrito seguindo as pautas indicadas polo profesor. Na **avaliación ordinaria, a lectura de libros** e posterior realización de traballos sobre os mesmos, incrementa a nota dos alumnos desta maneira: Se un alumno leu un libro durante o curso, engadirase 0.15 puntos á cualificación obtida, se leu dous libros engadiráanse 0.3 puntos á súa nota e 0.5 puntos se leu tres libros.

### •Procedemento de recuperación da 1ª e 2ª avaliación:

Os contidos da materia teñen carácter progresivo e acumulativo, polo tanto **se un alumno suspende unha avaliación poderá recuperala na seguinte avaliación.**

### •Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:

O alumnado que suspenda a terceira avaliación terá que facer unha **proba de recuperación antes da avaliación ordinaria. Esta proba terá un valor de 100% e constará de tres partes:**

- a. Grammar + Vocabulary: 60%
- b. Reading: 20%
- c. Writing: 20%

**•O alumno aprobará a materia Lingua Estranxeira (Inglés) 3º ESO se alcanza a puntuación de 5,00 puntos na avaliación ordinaria.**

## PUNTUALIZACIÓNS:

- Os alumnos que se incorporan a este centro educativo unha vez iniciado o curso e que non poidan aportar cualificacións da 1ª ou da 1ª e 2ª avalacións, serán avaliados, únicamente, seguindo o criterio de avaliación continúa.
- Se algún alumno ten que facer seguimento das clases a través de medios telemáticos, intentarase que asista a realizar as probas de examen ó centro.
- Se durante as probas escritas o alumno é sorprendido copiando, o profesor considerará a proba suspensa con 0 puntos, puntuación que se terá en conta a todos os efectos na nota de avaliación.

